



---

PROPOSTA ESCOLAR

# ENSINO SCHOOL PRIX

2024/2025

# QUÉN SOMOS?

## Ensino Lugo CB

O Club Deportivo Ensino naceu no seo da **Asociación de Pais do Colexio da Compañía de María de Lugo no ano 1981**. O Club foi fundado por D. Fernando Fernández Allende.

Esta tempada 24-25 ENSINO LUGO C.B. conta por SEPTIMA vez consecutiva cun equipo feminino na máxima categoría do baloncesto español e equipos en todas as categorías do baloncesto feminino.

O obxectivo principal dos nosos equipos de base é a formación integral dos nosos mozos xogadores, tanto desde unha perspectiva deportiva como desde unha perspectiva educativa. E esta forma de traballo está directamente relacionada co traballo no primeiro equipo.

TEMPADA	CATEGORÍA	TEMPADA	CATEGORÍA
80/81	2ª División	02/03	Liga Femenina -12º
81/82	2ª División	03/04	Liga Femenina-3º
82/83	2ª División	04/05	Liga Femenina-12º
83/84	2ª División	05/06	Liga Femenina-10º
84/85	2ª División	06/07	Liga Femenina-13º
85/86	2ª División	07/08	Liga Femenina 2-16º
86/87	2ª División e Ascenso	08/09	Liga Femenina 2-25º
87/88	1ª División B	09/10	Liga Femenina 2-6º
88/89	1ª División B	10/11	Liga Femenina 2-14º
89/90	1ª División B e Descenso	11/12	Liga Femenina 2-6º
90/91	2ª División e Ascenso	12/13	Liga Femenina 2-7º
91/92	1ª División B	13/14	Liga Femenina 2-7º
92/93	1ª División B	14/15	Liga Femenina 2-8º
93/94	1ª División B	15/16	Liga Femenina 2-14º
94/95	1ª División B e Ascenso	16/17	Liga Femenina 2-19º
95/96	Liga Femenina-10º	17/18	Liga Fem.2-Campión e ascenso
96/97	Liga Femenina-7º	18/19	Liga Femenina-10º
97/98	Liga Femenina-5º	19/20	Liga Femenina-7º
98/99	Liga Femenina-3º	20/21	Liga Femenina-7º
99/00	Liga Femenina-3º	21/22	Liga Femenina-10º
00/01	Liga Femenina-4º	22/23	Liga Femenina-11º
01/02	Liga Femenina-6º	23/24	Liga Femenina-9º



### EQUIPO

Formado por 11 xogadoras profesionais, 6 técnicos, 2 xogadoras do filial e 2 júnior en dinámica do primeiro equipo.



### CLASIFICACIÓN

Finalizou a tempada 23/24 nun meritorio 9º posto, tras 30 xornadas disputadas logrou 14 vitorias e 16 derrotas.



### COMPETICIÓN

LF Endesa. Primeira División do Baloncesto Femenino en España. Os 8 primeiros equipos clasificados da primeira volta clasifícanse para a Copa da Raíña e os 8 primeiros ao termo da liga regular disputarán os PlayOff. Ensino Lugo proclamouse Campión da Copa Galicia de Baloncesto Femenino, na pasada tempada, ao vencer na final o Baxi Ferrol por 71-58.

# ENSINO SCHOOL PRIX

Programas escolares



**Desde o Ensino Lugo CB poñemos en marcha esta tempada 2024/25 un novo, atractivo, participativo e inclusivo programa enfocado principalmente a fomentar a actividade deportiva e a igualdade entre xéneros a partir do deporte.**

**ENSINO SCHOOL PRIX** achegará o deporte profesional feminino aos centros escolares á vez que os alumnos e alumnas terán un contacto directo co deporte profesional feminino, co aliciente de dispoñer dunha “competición” entre os centros escolares en cada un dos encontros que o Ensino Lugo CB dispute como local no Pazo dos Deportes correspondente á máxima categoría do baloncesto feminino, a liga Endesa, nos que queremos fomentar o espírito de apoio e animación creando un ambiente festivo para enganchar ao maior número posible de nenos e nenas ao deporte á vez que o noso equipo senta arroupado por máis presenza nas bancadas.



**Todos os centros educativos da provincia de Lugo de Primaria recibirán a súa correspondente invitación para participar neste programa ENSINO SCHOOL PRIX cun prazo estipulado para a súa inscrición. A partir de aí, dependendo do número de centros escolares rexistrados, farase un calendario de “competición” cun mínimo de dous centros educativos por encontro. A partir das bases de puntuación, o centro escolar vencedor nese encontro, pasará á seguinte rolda.**

# COMPETICIÓN

Conscientes do día no que cada centro escolar participará e coa visita das dúas madiñas con antelación, cada centro escolar terá tempo a prepararse para a “competición” que levará a cabo nunha bancada do Pazo dos Deportes. Unha competición na que se puntuará os seguintes aspectos:



## Afección máis orixinal

Pola súa vestimenta ca que acudan ao partido, pancartas que mostren, colorido que den a súa grada no Pazo dos Deportes...



## Coreografía

Cada centro escolar dispoñerá dun minuto no parón entre cuartos para poder realizar unha coreografía de baile, palmas ou cánticos



## Afección máis numerosa

Sumando a presenza de alumnos e acompañantes, tendo en conta o número de alumnos e alumnas que teña cada centro escolar



Tras o reconto de cada un destes puntos, sairá o centro escolar gañador do devandito partido, accedendo a unha segunda fase con outros gañadores ata coñecer ao campión da primeira edición do **ENSINO SCHOOL PRIX!!!**



## Xincana

Tres representantes de cada centro escolar competirán no descanso do partido sobre a pista de xogo nunha competición de habilidade con bote de balón e tiro a canastra



## Voto público xeneral

Ao finalizar o encontro cada asistente ao encontro na bancada xeral, a que non ten nada que ver cos centros escolares, terá a posibilidade de dar un voto metendo unha papeleta na urna de cada colexio que estará instalada na porta de saída



## Voto redes sociais

No Twitter/Instagram da conta oficial do Club, abrírase unha enquisa ao terminar o encontro na que se poderá votar polos centros escolares que participen nese partido, pechando a votación 24 horas despois do partido

# MADRIÑAS E EMBAIXADORES/AS

Xogadoras primeira persoal

## VISITAS ESCOLARES

**Cada centro escolar saberá con antelación a que encontro acudirá e durante as dúas semanas previas a ese partido, coñecerá ás súas “madrinhas” que serán dúas xogadoras do primeiro persoal do Durán Maquinaria Ensino e ao seu embaixador ou embaixadora, (estes serán representantes públicos dos concellos, coordinadores deportivos ou demais figuras relevantes das zonas ás que pertencen os colexios).**

As dúas xogadoras do primeiro equipo do Ensino Lugo CB acudirán as dúas semanas previas ao encontro en máis dunha visita ao centro escolar para afianzar lazos cos alumnos e alumnas de cada centro, ademais de compartir charlas e experiencias co alumnado para expoñerlles a realidade do deporte feminino de elite e a desigualdade entre xéneros que aínda a día de hoxe sófrese no deporte.



### ENTRADA CENTRO ESCOLAR

Todos os alumnos, alumnas, profesorado ou traballadores de cada centro escolar terán entrada gratuíta para poder asistir ao partido no que compiten, accedendo ao Pazo dous Deportes por unha porta exclusiva que lles levará á súa localización na bancada.



### ENTRADA XERAL

A entrada para acompañantes, familiares, amigos, coñecidos dos alumnos participantes en cada encontro será de 10 euros e tamén entrarán por unha porta especialmente habilitada do pavillón para ese encontro.

# PREMIOS

Para todos os participantes e centros educativos



Á marxe de conseguir o obxectivo principal de fomentar a actividade deportiva e a igualdade entre xéneros a partir do deporte, cada asistente recibirá un obsequio pola súa presenza e os centros escolares que pasen de rolda tamén terán un premio, (posiblemente material deportivo, balóns, petos, conos... )



DURÁN MAQUINARIA ENSINO



# ENSINANDO O ENSINO

## Participa

Fagamos que a tempada 2024/25 sexa especial  
no Pazo dos Deportes cun programa pioneiro  
no deporte de elite nacional

### Teléfono / Email

Contacto: **Javier Ferreiro**  
Teléfono: **647907821**  
Email: **prensa@ensinolugo.com**

### Redes Sociais

Twitter : **@EnsinoLugoCB**  
Instagram : **ensinolugocb**  
Facebook : **EnsinoLugo**

[www.ensinolugo.com](http://www.ensinolugo.com)